

Adolescentes de toda Galicia achéganse a Honduras da man de dúas activistas que visitan o noso país estes días.

- Loitan contra a desigualdade de xénero nun dos países do mundo máis perigosos para exercer o activismo
- Visitarán institutos de Negreira, A Estrada, Ponteareas e O Barco de Valdeorras e participarán en charlas abertas nas cidades de Santiago, Ourense e Pontevedra.

Santiago, 1 de abril de 2025. As case trescentas mozas e mozos de secundaria que este ano forman parte do proxecto educativo Activistas polo O Mundo Que Queremos recibirán durante os próximos días a visita de dúas activistas hondureñas que loitan contra a desigualdade de xénero no seu país.

En Honduras o 43,5% das mulleres adultas non acceden a ingresos, situación que aínda se ve máis agravada nas mulleres indíxenas, afrodescendentes, e mulleres que habitan en zonas rurais, onde hai maiores índices de pobreza, menor presenza estatal, maiores niveis de analfabetismo e conservadurismo social. As fendas de xénero constitúen unha das formas de desigualdade máis enraizadas na sociedade hondureña e un dos principais obstáculos para o desenvolvemento social e democrático do país.

En materia de recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBIQ+, Honduras é un dos sete países máis perigosos do planeta para persoas LGTBIQ de acordo con Outright Action International.

O obxectivo deste encontro entre as activistas e o alumnado de catro institutos (**Negreira, A Estrada, Ponteareas e O Barco de Valdeorras**) é que as mozas e os mozos galegos coñezan a loita destas mulleres de primeira man, se inspiren na súa forma de intervir na súa realidade a través do activismo, e tamén reflexionen sobre as desigualdades norte-sur.

- **Eunice Esther Núñez Escoto** é artista plástica con enfoque na transformación social, especializada na promoción e defensa dos dereitos das mulleres, poboacións sexo-xénero disidentes e dereitos culturais.
- **Francis Delfina Bautista Bejarano** é indíxena lenca e facilitadora de procesos de formación sobre os dereitos das mulleres e de incidencia política. Tamén acompaña a mulleres vítimas de violencias.

Ambas forman parte do **Centro de Derechos de Mujeres** (CDM), unha institución que nos seus máis de 30 anos de historia considérase un referente do feminismo no país.

En obradoiros anteriores o alumnado aprendeu o que significa ser unha persoa activista tanto na Galiza coma noutras partes do mundo. Tamén reflexionou sobre como as ferramentas comunicativas como a radio pódennles axudar no seu activismo realizando os seus propios programas de radio de denuncia. Agora coñecerán a dúas mulleres valentes que intentan cambiar a súa realidade.

Ademais de acudir aos centros educativos, **as activistas reuniránse cos representantes de Cooperación Galega, financiadores deste proxecto e impartirán charlas abertas en Pontevedra e en Ourense (nas tendas de Comercio Xusto de Solidariedade Internacional de Galicia) e en Santiago no marco das actividades previstas no Compostela máis solidaria.**

As ONGD galegas traballan man a man con organizacións hondureñas como o Centro de Derechos de Mujeres, para contribuír na xeración das condicións necesarias para equilibrar os niveis de desigualdade estrutural que se dan neste momento no país.

Esta será a 12ª edición de "[Activistas polo mundo queremos](#)". Un proxecto de educación para a cidadanía global que xa chegou a 76 centros educativos, 305 profesores e profesoras e 5.075 alumnos e alumnas dende o ano 2013.

[Activistas polo mundo queremos](#) forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e faise posible grazas a unión de tres ONGDs, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) co financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Para máis información/entrevistas podedes poñervos en contacto con:

- Eloi Fernández Ramos (Coordinador do proxecto)
650 541 426/ sensibilizacion@solidaridadgalicia.org
- Raquel López Fernández (Responsable da visita das activistas)
690 84 11 13/ galicia@acppasamblea.org